



Concello de Baiona

Rúa Lorenzo de la
Carrera 36300 Baiona

BANDO

A partir das 0:00 horas do **11 de maio** de 2020 o Concello de Baiona entra na Fase I da desescalada do Covid-19, entrando en vigor estas medidas:

1. MOVEMENTO DE PERSOAS:

- **Desaparecen os tramos horarios** para paseos e actividade deportiva non federada segundo o Art.5 da Orden SND/380/2020.
- Poderase circular pola provincia, sempre que sexa para realizar unha actividade permitida.
- Permitiranse grupos de ata 10 persoas (se foran conviventes non existirá tal límite)
- O uso da 2^a residencia está autorizado dentro da mesma provincia.
- Autorízanse **velorios e enterros** cun máximo de 15 persoas ó aire libre e 10 en lugares pechados (sen excepcións)
- Permítese a asistencia a **lugares de culto**, sempre que non supere 1/3 do seu aforo. O aforo deberá publicarse nun lugar visible.

2. COMERCIO

Reapertura de establecementos de venda cunha superficie igual ou inferior a 400 m². Cumprindo as seguintes normas:

- 30% do aforo total
- garantir a distancia mínima de 2 m. entre clientes
- horario con servizo prioritario para maiores de 65 anos

O mercado de Sabarís ó aire libre volverá a funcionar, de momento, só cos postos de produtos agroalimentarios.

3. HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN

- Poderán reabrir as terrazas cas restriccions e medidas necesarias.
- A ocupación máxima será de 10 persoas por agrupación de mesas.
- O local e os traballadores deberán cumplir as medidas específicas indicadas para este tipo de negocio. Fomentarase o pago con tarxeta.

En tódolos casos deberase respectar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias.

Precisamos da máxima responsabilidade por parte de todas e todos.

Asinado:

Carlos Gómez Prado
Alcalde do Concello de Baiona

